

## O TEATRO GALEGO DURANTE O FRANQUISMO: O PREMIO CASTELAO (1964-1967)

(Galician Theatre during Franco's Regime: the Castelao Prize (1964-1967)\*)

Teresa López\*\*  
Universidade da Coruña

**Abstract:** The Castelao Prize was organized in 1964 by the *Agrupación Cultural O Galo*, formed by students from the University of Santiago de Compostela, as a reaction to the absence of a Galician language category in the II National University Theatre Prize organized by the SEU. In order to obtain the prize money, a popular campaign, the *Campaña do Peso*, was organized. The prize will be awarded four times and will attract the support of the new generations but also of those coming from the republican *galeguismo* now organized in the Galaxia group. The contest will be linked to the strategy of institutionalization of Galician culture articulated around the *Día das Letras Galegas*, created in 1963. The research on the Castelao Prize also allows us to discover unpublished and unrepresented works, and thus complete the history of Galician theater during Franco's regime.

**Key-words:** Galician theatre, Castelao Prize, *Agrupación Cultural O Galo*, *Campaña do peso*, Franco's regime, Galaxia Group

**Resumo:** O Premio Castelao foi convocado en 1964 pola Agrupación Cultural O Galo, constituída por estudantado universitario compostelán, como reacción á ausencia dunha modalidade en lingua galega no II Premio Nacional de Teatro Universitario convocado polo SEU. Para conseguir a dotación do premio organizouse unha colecta popular, a Campaña do Peso. O premio terá catro convocatorias e concitará a adhesión das novas xeracións mais tamén das provenientes do galeguismo republicano organizadas agora no grupo Galaxia. O certame vincularase á estratexia de institucionalización da cultura galega articulada arredor do Día das Letras Galegas, creado en 1963. A investigación sobre o Premio Castelao per-

---

\* Este artigo inscribíbase no proxecto de investigación "Recuperación do patrimonio teatral da Galiza 4 (1936-1973): emigración, exilio e resistencia interior" (PID2020-115649RB-I00) subsidiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033.

\*\* **Dirección para correspondencia:** Teresa López. Departamento de Letras. Facultade de Filoloxía. Universidade da Coruña. Campus da Zapateira. 15008 A Coruña (t.lopez@udc.gal).

mite tamén descubrir obras inéditas e non representadas, e completar así a historia do teatro galego durante o franquismo.

**Palabras-chave:** Teatro galego, Premio Castelao, Agrupación Cultural O Galo, Campaña do Peso, Franquismo, Grupo Galaxia

## 1. Introducción

No campo cultural galego, a década de 60 do pasado século estivo marcada pola constitución de agrupacións que, co obxectivo primeiro da dignificación da lingua galega, promoveron un programa de actividades que atinxiu os máis diversos ámbitos da cultura desde unha decidida vontade de intervención social, sempre dentro das marxes permitidas pola ditadura e so a supervisión da censura. A constitución destas agrupacións culturais foi unha tarefa xeracional, produto do labor de mozos e mozas nadas na ditadura, que, a pesar de estaren educadas nas institucións franquistas, se achegaban ao galeguismo ao tempo que procuraban novos horizontes de modernidade para a cultura galega. Estas asociacións xurdiron principalmente nas cidades, mais tamén nalgunhas vilas: en 1961 nace a Agrupación cultural O Galo en Santiago de Compostela; en 1963, a Agrupación cultural O Facho na Coruña; en 1965 a Asociación Cultural de Vigo; en 1966 o Club cultural Valle-Inclán en Lugo, en 1967 a Agrupación cultural Auriense en Ourense e o Ateneo de Moaña; en 1968, a Asociación Amigos da Cultura en Pontevedra e en 1969 a Agrupación cultural Abrente en Ribadavia (Caamaño, 2012, p. 19).

Todas prestaron atención singular ao teatro, patrocinando representacións, creando cadros dramáticos, promovendo debates, dotando premios ou pondo en marcha escolas de teatro (Ruibal, 2012). Sirva como exemplo o labor da Agrupación Cultural O Facho que, dous anos despois da súa creación, acollerá o Grupo Independente de Teatro, que debutará cun espectáculo que inclúe o recitado de textos de Pimentel e Castelao e a posta en escena da farsa *O cabalo do cabaleiro* de Carlos Muñiz (Lourenzo, 2012, p. 36) e en 1972 creará un concurso de teatro infantil (VV. AA., 1991, p. 113-116); ou o do Teatro Popular Galego, creado en 1967 no ámbito da Asociación Cultural de Vigo, e que no ano seguinte representará *A puta respectuosa* de Jean-Paul Sartre en tradución de Francisco Fernández del Riego con dirección de María Xosé Queizán (Queizán, 2018, p. 351) ou o que resultará un feito determinante na historia do teatro galego, a posta en marcha pola Agrupación Cultural Abrente en 1973 do concurso de textos dramáticos e da mostra teatral (Tato Fontaíña, 2000).

Neste traballo imos centrarnos nunha iniciativa singular impulsada por O Galo, a primeira destas asociacións: a creación do Premio Castelao de Teatro Galego.

## 2. Os inicios da Agrupación Cultural O Galo: o teatro

A idea de crear unha asociación que, alén de organizar actividades formativas para os seus membros, realizase outras con incidencia social, nomeadamente no ámbito teatral e

artístico, parte dun grupo de universitarias e universitarios composteláns: Salvador García-Bodaño, Aurora Pereira, Ventura Cores, Xulio Maside e Mercedes García Fernández (Santamarina, 2012, p. 23). Antes da constitución formal da agrupación –que viría coa aprobación dos estatutos en 1962 e a posterior elección da primeira directiva en 1963<sup>1</sup>– teñen lugar os primeiros actos públicos promovidos por O Galo.

A presentación pública da asociación será coa organización da exposición *20 pintores gallegos*, inaugurada o día 11 de xuño de 1961 no Hostal dos Reis Católicos, precedida da conferencia de Vicente Risco “Galicia y la revolución estética”. Entre os e as artistas participantes figuran Abelenda, María Antonia Dans, Virxilio, Lago Rivera, Xohán Ledo, Urbano Lugrís, Quesada ou Villar Chao; outros, como Luís Seoane, non puideran participar<sup>2</sup>. Con motivo da exposición organizarán un concerto da coral De Ruada no mesmo lugar o día 25 de xuño. A organización da exposición supuña un esforzo organizativo e económico que os membros da nacente agrupación dificilmente poderían afrontar en solitario, de feito, solicitaron axuda financeira doutras agrupacións e contaron co apoio dun grupo de médicos composteláns cuxo soporte foi tamén decisivo para as actividades promovidas polo galeguismo cultural articulado arredor de Galaxia<sup>3</sup>. A este apoio referíase José Rey Alvite nun artigo da sección ‘Horas de Compostela’ publicado en *El Correo Gallego*:

Sabemos que los jóvenes de O Galo han encontrado para su iniciativa grandes facilidades, y apoyo económico también. Porque un nada que se mueva un proyecto tan decidido como es este suyo, hay que desembolsar dinero y de esto se encargaron un grupo de destacadas personalidades santiaguesas.

As actividades no ano 1961 proseguen coa organización dun recital de canto de Carmiña Quintana no mes de setembro. No día 5 de novembro será a primeira representación teatral promovida pola agrupación: *Las sillas* de Eugène Ionesco, no Hostal dos Reis Católicos, polo Teatro de Cámara da Agrupación Cultural Iberoamericana, coa dirección de Antonio Naveyra<sup>4</sup>, que xa levara ao palco a peza na Coruña e en Lugo e fora responsábel da estrea do *Don Hamlet* de Álvaro Cunqueiro no Teatro Colón da cidade herculina en agosto de 1959.

Do interese principal da agrupación polo teatro dá fe a intención de pór en marcha unha Escola de Teatro. No fondo O Galo CCG figura unha carta con data de 10 de outubro de

---

1 Os seus integrantes foron Xosé María Castroviejo Blanco-Cicerón (presidente), Carlos Herrero Álvarez (tesoureiro), Xusto García (secretario), Antón Santamarina Fernández (vogal) e Xosé Luís Fontenla Rodríguez (vogal). Esta información, como moitas outras expostas neste traballo, procede do fondo O Galo custodiado polo Consello da Cultura Galega (en adiante fondo O Galo CCG), que conserva dixitalizados documentos internos da asociación, fotografías e recortes de prensa. Agradecemos a esta institución as facilidades que nos deu para a consulta dos seus materiais.

2 Seoane dá noticia da exposición en *Galicia Emigrante* e explica as razóns da súa ausencia. Ademais, non sen ironía, alégrase de que as opinións artísticas de Risco mudasen desde os anos en que escribira *Mitteleuropa* (1934).

3 No fondo O Galo CCG consérvanse unhas notas manuscritas co saldo de gastos da exposición (17.800 pesetas) e de ingresos (12.000 pesetas), provenientes das achegas do Dr. Echeverry, Dr. Sixto, Dr. Baltar, Dr. García-Sabell, Dr. Albor e do Dr. Puente. Aos gastos de montaxe contribuíu o Centro Gallego de Barcelona con 500 pesetas, segundo a carta de agradecemento ao director da institución asinada por Salvador García-Bodaño con data de 14.6.1961.

4 As entradas vendéronse a 15 pesetas e ingresaron 4.165 pesetas pola representación (Fondo O Galo CCG).

1961 dirixida a Antonio Concheiro Caamaño, residente en Betanzos, en que solicitaban que “Co fin de conquistar o máis axiña un local onde levar adiante os nosos proieutos, compre que nos remeses unha copia mecanografiada da organización da “Escola Galega de Teatro” que eiquí estudáramos”. Aínda que a Escola non chegou a articularse formalmente, sabemos que o seu proxecto estaba claramente virado á escena:

Todo un programa básico de amplo desenvolvemento que rebasará os rutinarios estudos históricos e críticos para encarar a ampla perspectiva da problemática teatral –obra, representación, dirección escénica, escenografía, tramoyería, iluminación, arquitectura, etc.– elementos todos de una completa cultura teatral de cuya pormenorización e proyección no nos toca a nosotros falar. (Mejuto Quintela, 1962)

Este artigo, moi ponderativo das actividades promovidas por O Galo, dá conta da celebración de media ducia de leccións e coloquios, a razón de tres por semana, arredor da dirección escénica, do teatro de vangarda, da educación do actor, e a existencia de aulas prácticas de interpretación nos locais cedidos polo Instituto Arcebispo Xelmírez, do que era director na altura Benito Varela Jácome. A consulta da prensa permite confirmar a celebración de varios coloquios: sobre teatro de vangarda (*El Correo Gallego* 24/11/1961; *La Noche* 24/11/1961), sobre o actor e o paradoxo de Diderot (*El Correo Gallego* 26/11/1961), sobre Ionesco, coincidindo coa representación de *Las sillas* (*El Correo Gallego* 1/12/1961). A sección de dirección organizara tamén a representación dunha escena de *Prohibido suicidarse en primavera* de Alejandro Casona como base para unha disertación do director e dun posterior e exitoso coloquio co público:

Precisamente es de destacar a participación de los asistentes, ya que O Galo desea, como norma primordial, que las clases de su “Escuela Gallega de Teatro” no se desarrollen como tales clases teóricas, sino con la amenidad y más óptimo resultado que se obtiene a través de la discusión, sin la existencia preconcebida y rígida de un cuadro de profesores y de un grupo de alumnos, sino con la participación directa de todos los asistentes, tanto en la parte teórica como en la práctica. (*El Correo Gallego* 1/12/1961)

A atención ao teatro continuará unha vez asentada O Galo como agrupación cultural. O borrador dos Estatutos contemplaba a organización en varias seccións: Historia, a cargo de Xusto García García Díaz; Pintura e escultura, de Julio Maside Medina; Folklore, de A. Paz Andrade; Artesanía, de Óscar Fernández Refojo e Teatro, de Antonio Concheiro Caamaño. Máis adiante, en 1964, porase en marcha a Agrupación Dramática Galega baixo a dirección de Rodolfo López Veiga, que fora o director da *Antígona* de Jean Anouilh –traducida para a ocasión por Ramón Silva, Xosé Luís Franco Grande e Xosé Manuel Beiras Torrado– representada polo TEU no Teatro Principal de Compostela o día 11 febreiro de 1960 e da primeira escenificación en Galiza d’*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, realizada o 25 de xullo de 1961 na Praza da Quintana, dous fitos que sen dúbida contribuíron a afirmar o interese polo teatro galego na mocidade compostelá promotora de O Galo.

As representacións promovidas pola agrupación pasarán a estar directamente vinculadas ao quefacer como director, e en ocasións como actor, de Rodolfo López Veiga, e adquirirán

especial relevancia na segunda metade da década de 60, vinculadas en ocasións á celebración do Premio Castelao.

### **3. Un premio para o teatro galego**

En 1963 O Galo decide promover un premio para o teatro galego. A iniciativa xorde como un acto de desagravio á cultura galega despois de que o II Premio Nacional do Teatro Universitario convocado polo SEU incluíse nas bases do concurso o catalán, mais non o galego. Esta convocatoria provocará a protesta da mocidade universitaria, transcendente até o punto de que perante as acusacións de inhibición ante esta situación o Xefe de Distrito de Galicia do SEU, Ricardo Fernández Castro, fará unhas declaracións ao xornal *El Correo Gallego* –anticipadas por *La Noche* (6/12/1963)– explicando que el xa protestara por carta ante o Xefe Nacional do SEU pola exclusión do galego “con bastante anterioridad a la carta suscrita por un grupo de universitarios en idéntico sentido” e que, como consecuencia, “A las bases del concurso, ya publicadas, se añadirá una cláusula, incluyendo la admisión de originales en gallego”. Este extremo fora confirmado nunha nota (“‘Noticiero del SEU’. El gallego incluido en el Concurso Nacional de Teatro”, *La Noche* 5/12/1963) que atribuíra a ausencia do galego a un “involuntario olvido” emendado tras a intervención do Xefe do Distrito.

Os premios actúan como ferramenta de institucionalización do discurso literario, a través da avaliación pública da produción e da representación privilexiada desa mesma produción, e como mecanismo de canonización de obras, autorías e repertorios (González-Millán, 1994). No contexto da década de 60, un premio para o teatro galego implicaba tamén a intervención na orientación da produción literaria, neste caso para promover un xénero cun desenvolvemento deficitario, e supuña un medio para a visibilización –que non normalización– da lingua e da cultura galegas. Con frecuencia, os premios e as actividades que se articulen ao seu redor van vincularse con outras iniciativas de institucionalización cultural, como aconteceu no caso deste premio teatral que levará o nome de Castelao.

Xoán González-Millán estableceu catro criterios fundamentais para considerar de cara a unha xerarquización dos premios segundo o seu prestixio: a organización convocante, o tipo de traballo galardoado, a tradición do certame e a súa dotación económica (González-Millán, 1994, p. 107). A organización convocante, como vimos, era unha agrupación integrada principalmente por estudantes, con pouco máis de dous anos de actividade no momento de promover o certame. Con todo, contaron co apoio de figuras e entidades destacadas da sociedade compostelá: no caso do Premio Castelao, o apoio virá, por unha parte, da sociedade civil –incluíndo parte da prensa– e de diversos sectores do galeguismo cultural, especialmente –mais non só– do grupo Galaxia. Os traballos galardoados serán necesariamente obras dramáticas inéditas en lingua galega co obxectivo de dispor dun repertorio renovado para levar aos palcos un teatro galego renovado. Como exporemos máis adiante, entre os premiados haberá unha presenza relevante de membros da xeración de 50.

No momento da convocatoria, o certame non conta con tradición previa nin apela tampouco a precedentes, aínda que existen. En 1960 fora convocado o premio Valle-Inclán de teatro –dotado con 7.500 pesetas– no marco do I Certame Literario do Miño celebrado en

Lugo<sup>5</sup>. Nesa ocasión, fora galardoadada *A noite vai coma un río* de Álvaro Cunqueiro e resultaran finalistas textos dramáticos de Xosé Luís Franco Grande, Daniel Cortezón, Manuel María e Arcadio López-Casanova (Carvalho Calero, 1982). Na Galiza bonaerense, os premios do Centro Galego levaban anos recoñecendo a literatura dramática galega e, con motivo do centenario da institución, en 1957 dotaran senllos premios para o teatro en galego, o Villar Ponte, con 5.000 pesos, para unha proposta de literatura dramática e, como novidade, fora creado outro galardón, de 10.000 pesos, para o mellor conxunto vocacional, que recaeu no Teatro Popular Galego de Eduardo Blanco Amor e Fernando Iglesias *Tacholas*. Neste mesmo certame, existía un premio Castelao para recoñecer o mellor texto en prosa en lingua galega.

Na escolla do nome de Castelao está presente toda a carga simbólica, política e cultural asociada ao nome do rianxeiro mais tamén ecoa a súa condición de autor teatral e a consideración d’*Os vellos non deben de namorarse* como fito do teatro galego, e obra inauguradora dunha tradición na que inscribirse, como mostran as dúas escenificacións referidas realizadas no ano 1961. A isto hai que sumar un criterio de oportunidade, por vir a coincidir a convocatoria do premio coa dedicatoria do Día das Letras Galegas ao autor.

A dotación inicial do premio foi de 10.000 pesetas, superior en 2.500 pesetas á do Premio Valle-Inclán do Certame do Miño<sup>6</sup>. A cantidade incrementárase na cuarta e última convocatoria até as 25.000 pesetas, cifra resultante en parte da acumulación da dotación da terceira edición, que quedara deserta. Para reunir este importe, ponse en marcha a denominada Campaña do Peso polo Teatro Galego.

A campaña é unha colecta popular realizada principalmente en Facultades, centros de ensino e algúns establecementos comerciais de Santiago de Compostela. Co título de “Rotundo éxito de la ‘Campaña do Peso pró Teatro Galego’”, *La Noche* (6/12/1963) publica unha nota de agradecemento asinada por “La Comisión Organizadora” que dá conta da celebración no día anterior da colecta e das súas características:

En las distintas Facultades han hecho la colecta catorce señoritas universitarias. Además hubo petos instalados en los siguientes colegios: Generalísimo Franco, Jesuitas, Cristo Rey, El Pilar, Teresianas, María Inmaculada y Cluny. También los hubo en la librería Carballal, Estanco Maside y Bar La Tita.

A mesma nota sinala que se procederá á apertura de vinte e tres petos e que as previsións son que o recadado supere todo o previsto, permitindo así a “creación de un Gran Premio de Teatro Gallego, que levará el nombre de una gran figura de nuestras Letras”.

---

5 O certame, fallado do día de San Froilán, contemplaba tamén os premios Noriega Varela (para poesía, o único dotado con 10.000 pesetas), López Cuevillas (para novela curta), Manuel Casás (de ensaio sobre o río Miño) e Teixeira de Pascoas. A vontade da organización era que o concurso se celebrase alternativamente nunha capital galega e noutra portuguesa das bañadas polo Miño mais finalmente non tivo continuidade. Ante esta situación, a 25 abril de 1962 un solto no xornal *El Progreso* reclamaba que fose Lugo quen organizase de novo o certame.

6 O Galo proxectara a convocatoria doutro premio, o Manuel Antonio de poesía, para o que prevía unha dotación de 1.500 pesetas e 500 para o accésit, segundo se pode comprobar nun folleto con data de decembro de 1961 (Fondo O Galo CCG).

A Comisión Organizadora da campaña estaba composta polos catedráticos Paulino Pedret Casado, Enrique Moreno Báez e Enrique Vidal Abascal e polos estudantes José Luis González, Manuel Dopico e Francisco Cerviño (*La Noche* 4/12/1963). As actividades deseñadas polo grupo promotor responden aos roles de xénero promovidos polo franquismo e reproducen os doutras colectas de caridade comúns na España da época. O estudantado procurou tamén dotar de lexitimidade a súa iniciativa co apoio de destacados membros do corpo docente universitario: o sacerdote Paulino Pedret Casado –catedrático de Dereito Canónico e membro que fora do Seminario de Estudos Galegos, incorporado na altura ao Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, creado ao abeiro do CSIC, e unha das institucións que mellor representan a acomodación dunha póla do galeguismo ao franquismo–, Enrique Moreno Báez, catedrático de Literatura Española, formado no Centro de Estudios Históricos, e Enrique Vidal Abascal, catedrático de Xeometría Diferencial.

O poeta Arcadio López-Casanova facía este balance da campaña: “A Campaña do peso –encamiñada a recoller fondos prá creación do devandito premio– foi emprincipiada en Compostela polos universitarios galegos. Logo, todo o pobo galego sumouse, afervoadamente a ista campaña xenerosa” (*El Progreso* 27/12/1964). Efectivamente, o premio contou con apoios noutras localidades: o da coruñesa Agrupación Cultural O Facho, aínda que de alcance reducido; o dun grupo constituído en Pontevedra por estudantado universitario (Silvia Filgueira Lois, Raquel Casal, José Fernando Filgueira Iglesias, Francisco Javier Antonio López Paz e José López Pérez) que conseguiu a colaboración das librerías Antúnez e Luís Martínez Gendra, do Casino Mercantil, do Café-Bar Carabela e da cafetaría Lar (*El Pueblo Gallego* 5/1/1964; *La Noche* 4/1/1964). A recadación total nesta primeira edición foi de 11.105 pesetas (fondo O Galo CCG).

Xa para a segunda edición, o Centro Gallego de Madrid abrirá unha subscrición entre os seus asociados, que o propio centro encabezara coa cantidade de 250 pesetas, como testemuña a carta de Constantino Lobo, presidente do Centro, con data 10.12.1964 en resposta á que lle dirixira D. José Mosquera Stolle, na altura presidente da agrupación cultural. De cara á segunda edición haberá un apoio máis relevante: Cartonaxes Anmi, unha empresa lucense dedicada á fabricación e distribución de envases de cartón propiedade de Ángel Gómez Camarón, mestre socialista represaliado (Fernández Pérez-Sanjulián, 2014), achegará 10.000 pesetas que, ante a existencia de recadación suficiente para dotar o premio, se destinarán á representación da obra gañadora<sup>7</sup>. A existencia deste financiamento adicional explicaría por que unicamente chegaría ás táboas *A revolta*, a obra premiada na segunda edición do certame.

A Campaña do Peso continuou a celebrarse nos anos seguintes para conseguir a dotación económica das sucesivas edicións do certame. Cando na terceira convocatoria o primeiro premio quede deserto, os convocantes decidirán acumular o importe para a seguinte, de ma-

---

<sup>7</sup> “Depois de se ter conquirido os cartos e feito o depósito dos mesmos na Delegación de Facenda, unha empresa de Lugo “Cartonajes Anmy”, donou outras 10.000 pts. pra iste Premio. Como queira que xa se tiñan os cartos pra financiar os gastos do Premio, acordouse que estas 10.000 pts. foran empregadas pra representar a obra que resulte vencedora no “Premio Castelao de Teatro” do ano aital” (documento “Novas” redactado pola AC O Facho, fondo O Galo CCG).

neira que a cuarta convocatoria tivo a dotación excepcional de 25.000 pesetas, duplicando amplamente a inicial.

Xosé Fernández Ferreiro explicaba o desenvolvemento e o alcance da Campaña: “Lo mínimo son cinco pesetas. De ahí para arriba, hasta el infinito. Cinco, diez, y hasta veinte duros, los dan bastantes.” Aludía tamén á implicación do estudantado universitario fóra de Galiza, especialmente en Madrid e Barcelona, que tamén realizaba “su pequeña campaña “do peso” (*ABC* 24/3/1966). Sen dúbida, no éxito da Campaña do peso resultou decisivo o apoio da prensa, ben a través de pezas información de fondo sobre a campaña e o certame, ben polo interese que algúns colaboradores –sirvan como exemplo os traballos xa citados de Arcadio López-Casanova ou Xosé Fernández Ferreiro– tiñan en difundir ambos. Nos meses previos á posta en marcha da terceira edición, so o rótulo “Campaña do peso” foron publicadas as respostas de personalidades do mundo académico e cultural a un pequeno cuestionario: “1. Que opina da Campaña do peso?; 2. Coida que o Premio Castelao é o camiño máis axeitado pra conquistar un auténtico teatro galego?; 3. Que outras iniciativas proporía vostede?”. No fondo O Galo CCG consérvanse as respostas de Rodolfo López Veiga (Director de Teatro) e Ramón Domínguez (Catedrático) –publicadas conxuntamente– e Manuel Rabanal, catedrático de Lengua Clásica e Enrique Vidal Abascal, de Matemáticas –tamén publicadas conxuntamente. Todos coinciden na valoración positiva da Campaña e do Premio; entre as iniciativas propostas, están conseguir un maior apoio institucional, especialmente da universidade, que faga posíbel as representacións ou a creación dun premio de guións radiofónicos.

A implicación de *La Noche* foi decisiva para o éxito do certame. As bases da convocatoria sinalan a sede do xornal como destino dos orixinais presentados ao certame na primeira convocatoria (*La Noche* 11/3/1964) e na segunda. A cabeceira compostelá dará cumprida cobertura a esta iniciativa, especialmente ao fallo do premio realizado no curso dunha cea literaria celebrada no Hostal dos Reis Católicos.

Fóra da relevancia que a Campaña do Peso puido ter para conseguir a creación do premio, é evidente que tivo como consecuencia máis inmediata que a lingua e a cultura galega ocupase novos espazos, mesmo temporalmente, que serviu para visibilizar a existencia real dunha cultura galega que existía mais que precisaba dun apoio económico que as institucións oficiais lle negaran e que a idea de utilizar unha colecta conseguiu tamén ressignificar un procedemento habitualmente vinculado ás causas caritativas promovidas polas forzas vivas do franquismo.

#### 4. As edicións do Premio Castelao

Desde a súa primeira edición o premio vai estar vinculado estreitamente á estratexia de institucionalización da cultura galega deseñada polo grupo Galaxia, da que facía parte a creación do Día das Letras Galegas, instituído pola Academia Galega en 1963 como celebración do libro galego co motivo do centenario da publicación de *Cantares Gallegos*. Se neste primeiro ano estivera vinculado á figura de Rosalía de Castro, en 1964 vai conmemorar a Castelao, un feito que, como xa sinalamos, debeu reforzar a escolla do nome do autor d’*Os vellos non deben de namorarse* para bautizar o premio.



O fallo do certame, en todas as súas edicións, vai realizarse no transcurso dunha cea celebrada no Hostal dos Reis Católicos, de maneira que á condición de acto cultural se unirá a de evento social amplamente recensionado na prensa. Á cea inicial asistiron unhas cen persoas, entre elas, segundo lembra o xornal, Ramón Otero Pedrayo, Sebastián Martínez-Risco, Domingo García-Sabell, Ramón Piñeiro, Fermín Bouza-Brey, Enrique Vidal Abascal, Xerardo Fernández Albor, Silvio Santiago, Emilio Álvarez Blázquez, Xaime Illa Couto, Manuel Beiras, Juan María Gallego Tato, Isidoro Conde, Avelino Abuín de Tembra, Manuel María, Bernardino Graña, Ramón García Briones, Manuel Vidán Torreira (*La Noche* 19/5/1964). En suma, o galeguismo cultural en pleno e algúns nomes da xeración de 50, singularmente de autores que, como veremos, concorreran ao certame.

Nas dúas primeiras edicións a cea ten inicio no día 16 de maio; porén, na terceira trasladarase á propia noite do día 17, constituíndo o cumio e non o preludio da serie de actos que en Compostela van celebrar o Día das Letras Galegas. Esta mudanza coincide coa incorporación das representacións dramáticas na sala de exposición do propio Hostal<sup>8</sup> como preludio ao fallo do premio: en 1966 a do espectáculo ‘O amor no teatro galego’, unha montaxe con escenas d’*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, *A revolta* de Jenaro Marinhas del Valle, *A noite vai coma un río* de Álvaro Cunqueiro, *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste e *A arbre* de Ricardo Carvalho Calero; en 1967, a d’*As bágoas do demo* de Ramón Valenzuela, de novo coa dirección de Rodolfo López Veiga.

As bases do premio establecían un único premio indivisíbel de 10.000 pesetas e dúas mencións honoríficas sen dotación para unha obra escrita en lingua galega, de tema libre e extensión normal (sic), inédita e non representada. A obra sería propiedade da entidade organizadora para a publicar, representar ou ler publicamente.<sup>9</sup>

Á primeira edición presentaranse un total de oito obras dramáticas. O xurado, presidido por Ricardo Carvalho Calero e composto por Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego, o Sr. Rus –como representante do Ministerio de Información e Turismo– xunto con Álvaro Cunqueiro e Segundo Alvarado –que delegaran en del Riego e Carvalho, respectivamente–, logo dunha longa deliberación premiará *Cando morren os faroles* de José Ángel de la Peña, unha peza que o autor recoñece que presentara ao premio do Centro Galego de Bos Aires (*La Noche* 18/5/1964). Como finalista quedará *Do outro lado do Iberr* de Xohana Torres e serán recoñecidas con mencións honoríficas *Barriga Verde* de Manuel María e *A desbandada* de Bernardino Graña. Declaracións posteriores de Carvalho Calero (1988) indican que o premio fora decidido polo voto do representante do Ministerio de Información e Turismo, con gran desgusto do profesor ferrolán, que estimaba que debía ser premiada a obra de Xohana Torres, se nos atemos á ponderación posterior da obra.

Finalmente a obra premiada nin foi representada, nin publicada, nin presentada en lectura pública. En palabras do seu autor, plasmaba un “concepto moderno de la tragedia, con hombres, mujeres y situaciones de nuestro tiempo” (*La Noche* 18/5/1964). A peza, en dúas xornadas, de ambientación urbana e con personaxes simbólicos, enlazaba coas diversas ac-

<sup>8</sup> No fondo O Galo CCG consérvase o orzamento do aluguer do local en 1966, 600 pesetas, e a factura da cea para 73 persoas que tivera un prezo por cuberto de 250 pesetas.

<sup>9</sup> Partimos do establecido nas bases da segunda convocatoria, as primeiras que puidemos consultar na súa totalidade.

tualizacións do teatro clásico realizadas na altura, presente na escolla de túnicas como vestimenta, na maquillaxe imitando máscaras dos personaxes e na incorporación dun coro (De la Peña, 1963). A peza fora escrita nunha dupla versión, en galego e en castelán. Non coñecemos outros produtos da actividade como autor dramático de Ángel de la Peña. Sabemos que recibira a proposta de dirixir un grupo de teatro experimental promovido no ámbito da agrupación cultural O Galo (*La Noche* 30/8/1961), unha iniciativa que non debeu prosperar, e que fora intérprete nunha obra de Carvalho Calero (1988).

As outras catro obras presentadas ao certame levaban por título *O cantar dos cantares*, *Lucrecia*, *A tasca*, *Horfa* (*La Noche* 18/5/1964). Sobre a primeira, atrevémonos a aventurar a hipótese de que puidese ser a peza escrita por Eduardo Blanco Amor e representada polo Teatro Popular Galego no Centro Lucense de Bos Aires en 1957. Blanco Amor estivera na Península desde xaneiro a outubro de 1963 (Allegue, 1993, pp. 282-285) e polos seus artigos no *Faro de España* sabemos que asistira a actividades na universidade compostelá (Allegue, 1993, p. 283). Non é de desbotar que, tendo noticia da celebración do certame, decidise presentar en Galiza a mesma proposta coa que quixera recuperar o público popular para o teatro galego na Arxentina, e que tivese depositadas certas expectativas en que a obra fose premiada e contribuíse así para a súa reincorporación á actividade cultural nunha Galiza á que programaba regresar, e de feito regresou<sup>10</sup>, en breve. Se isto foi así, sería máis un motivo que explicaría o desencontro persoal —e non só— que o autor ourensán mantivo ao longo da súa vida con Carvalho Calero, presidente do xurado, e co grupo Galaxia en xeral (Alonso Nogueira, 2009).

Á segunda edición do premio concorrerán once obras. Resultará premiada *A revolta* de Jenaro Marín del Valle e as mencións honoríficas serán, a primeira, para *A luz non volve atrás*, de Manuel María, a segunda para *As cadeas da vida* de Joaquín Neira Díaz. Concurarán tamén *Amores a destempo* (co lema Anduriña), *A estrela do afiador* (co lema Ensono), *Horfa* (co lema Sálvora), *Sempre volta alguén* (co lema Ventisqueiro), *O Dragón* (co lema Agoiro), *Cain* (co lema Emigrado) e *Terra asolagada* (co lema Adiante) e fora descartada por incumprir as bases *O demo na vila* presentada co lema O gran teatro do mundo. De novo foi Ricardo Carvalho Calero o presidente do xurado, actuou como secretario José Landeira Yrago e desempeñaron o papel de vogais Rodolfo López-Veiga, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego e o delegado do Ministerio de Información y Turismo, José M<sup>a</sup> Travesi Bello. Segundo as actas conservadas no fondo O Galo CCG na primeira volta fora descartada *O demo na vila*; na segunda, *Amores a destempo* e *A estrela do afiador*; na terceira, *Horfa*, *Sempre volta Alguén*, *Cain* e *Terra asolagada* e, na cuarta, *O Dragón*. Na votación final é cando se decide atribuír o premio á obra de Marín (que levaba como lema “Cando sofre a ialma dun gran pobo”) e conceder as mencións honoríficas ás presentadas por Manuel María e Joaquín Neira. De toda esta relación de títulos, para alén da obra premiada, só coñecemos o texto d’*A luz non volve atrás*, recuperada recentemente (García Negro, 2022), aínda que nos atrevemos a conxectar que *O Dragón* fose a mesma obra que coa autoría de Tomás Barros publicaría a revista *Grial* en 1972 (Barros, 1972). A día de hoxe Joaquín Neira continúa a ser un autor dramático inédito nas letras galegas.

10 En xaneiro de 1965 chegará a Madrid para establecerse na Península logo da súa xubilación (Allegue, 1993).

Se consideramos que a obra premiada foi editada (Mariñas del Valle, 1965) e levada ao palco, esta segunda edición pode considerarse todo un éxito. *A revolta* foi estreada o día 3 de decembro de 1965 na Sala de actos do Hostal dos Reis Católicos e o día 8 celebrouse a *reprise*. Na primeira ocasión non puido estar presente o seu autor, si na segunda. A función foi promovida polo Teatro Galego de Cantigas e Agarimos e a Agrupación Cultural O Galo, con dirección e montaxe de Rodolfo López Veiga. No reparto figuraron Estrela Cotón, Manoel Suárez, Crisanto Sanmartín, Euxenio Barreiro, Baldomero Iglesias, María del Carmen Obelleiro, Conchita Feteira, Xosé Arce, Xosé Vilariño, Fernando Almón, Xavier Villaseñín, Manoel Benito Gómez, Gabriel Barreiro, Fernando Almón, Xesús Brocos, Crisanto Sanmartín (pai) e Xosé Noya.

A terceira edición celebrárase no ano seguinte, 1966, e o Premio Castelao quedará deserto. Nesta ocasión só concorrerán ao certame catro obras (*La Noche* 19/5/1966). Probabelmente, nesta redución no número de obras concorrentes influíu que as bases do certame incluían unha nova condición que cumprir: que non se presentasen anteriormente ao premio. Tamén muda nesta ocasión o lugar de remisión dos orixinais: non será xa a redacción de *La Noche* mais o enderezo que figura como o da Agrupación cultural O Galo, República del Salvador 7, 8º esquerda. Lembremos que é esta tamén a edición en que o fallo do certame pasa a celebrarse na noite de 17 a 18 de maio. En ausencia de obra gañadora, recibirán senllas mencións honoríficas *Gaivotas de vidro* (presentada co lema Brétema) de Alfonso Gallego Vila e *Fondo camiñar* (co lema Corredoira sen luz) de Joaquín Neira. O xurado volve estar presidido por Ricardo Carvalho Calero, actúa como secretario Enrique Morales Quintana e son vogais Francisco Fernández del Riego, Rodolfo López-Veiga y Ponte, José Landeira Yrago e Isidoro Millán González-Pardo; actuará en representación del Ilmo. Sr. Delegado del Ministerio de Información y Turismo, Benito Varela Jácome, catedrático de Literatura Española e director do Instituto Xelmírez, centro que, como vimos, acollera algunhas das sesións da escola de teatro promovida por O Galo.

Unha carta datada en Vigo a 17 de maio de 1966 de José Landeira dirixida a Enrique Morales Quintana, secretario do xurado, coas desculpas por non poder asistir ao acto, ademais de comunicar o sentido do seu voto, expresa a súa opinión sobre as pezas presentadas a concurso:

Certamente, catro obras son poucas; alén diso, cativas e anacrónicas [...] Emporiso, meu homilde parecer, admitindo a escasa entidá dos traballos optantes ó premio, é declaralo deserto [...] Xúntome, pois, a vostede na idea de deixar para o ano vindouro o fallo do xurado, acugulando, é craro, a cuantía. O estímulo, eisí, ten mais miolo, mais sustancia. (fondo O Galo CCG)

Un solto publicado nesa altura en *El Ideal Gallego* elucubra sobre as razóns de que tanto este premio como outro dedicado a Xoán XXIII e a paz quedasen desiertos. Para o anónimo comentarista a causa principal desta situación é a escasa dotación económica dos premios: “Esa falta de aliciente, esa falta de dinero en los premios, no lo sule el amor el amor al idioma que se asoma a los labios los días de las solemnidades gallegas entre académicos y gentes de letras. Esta es la pura verdad. Lo demás leria paduana”.

Este déficit económico corrixirase na cuarta edición do premio, dotada con 25.000 pesetas. Resultará vencedora *Un hotel de primeira sobre o río* de Xohana Torres (Torres, 1968) e conseguirán senllas mencións Manuel María, a primeira, pola obra *As estrelas están lonxe*, e Arcadio López-Casanova, a segunda, por *Gaivotas voaron ao amencer*. O xurado estará de novo presidido por Ricardo Carvalho Calero e actuarán como vogais Francisco Fernández del Riego, José Landeira Yrago, Celestino Fernández de la Vega, José Brea Vaamonde, Isidoro Millán González-Pardo e Manuel Remuñán Ferro (*La Voz de Galicia* 19/7/1967). O fallo do certame colócanos ante a existencia de dúas obras dramáticas na actualidade inéditas e non representadas: ante a imposibilidade de localizar o texto, a de Manuel María está ausente do seu teatro completo (Manuel María, 2018)<sup>11</sup> e a de Arcadio López-Casanova, habitualmente ignorada na produción literaria do escritor, serve para descubriros como na súa mocidade o autor lucense cultivou o xénero dramático alén do *Orestes*.

A consulta do fondo O Galo CCG proporciónanos tamén o nome de tres persoas que se dirixen á agrupación porque desexan informarse sobre o premio para poder presentarse: Manuel Rodríguez López, María Luisa Pérez Fuentes (desde A Coruña) e Octavio Sanmartín (desde Compostela). Son, por tanto, tres nomes que potencialmente serían os de dous autores e unha autora de obras dramáticas en galego das que descoñecemos todo.

Despois desta cuarta edición, o Premio Castelao non volveu a convocarse. Ricardo Carvalho Calero, presidente do xurado en todas as edicións, considerou que foi debido a que “non foi posíbel acrecentar a cantía do prêmio, e as transformazóns económicas figeram imposíbel manté-lo no seu primitivo importe” (Carvalho Calero, 1988). Sexa como for, o balance do premio non foi menor.

## 5. Conclusións

O Premio Castelao foi unha iniciativa singular para impulsar o teatro galego durante o franquismo. Creado polo grupo de universitarios e de universitarias organizados na Agrupación Cultural O Galo como forma de desagravio á preterición do teatro galego no II Concurso de Teatro Universitario do SEU, acadou catro edicións financiadas grazas a unha iniciativa recadadora singular, a Campaña do Peso, apoiada por particulares e por diversas entidades. Entre os resultados máis salientábeis, está a publicación de catro obras de literatura dramática: as vencedoras na segunda e na cuarta edición –*A revolta* de Jenaro Marín del Valle en 1965 e *Un hotel de primeira sobre o río* de Xohana Torres, editadas por Galaxia en 1965 e 1968, respectivamente–, a finalista na primeira edición, *A outra banda do Ibero* de Xohana Torres publicada por Galaxia en 1965, unha que recibiu a mención honorífica na primeira edición, *Barriga Verde* (1968) de Manuel María e outra, *O dragón* de Tomás Barros (1973), que identificamos entre as que concorreron á segunda edición. O certame deixa tamén algúns nomes para incorporar á historia do teatro galego

---

<sup>11</sup> Felizmente puidemos localizar o texto desta obra, que no momento de escribir este artigo está enviado e pendente de aceptación para a súa publicación.

como autores teatrais, Joaquín Neira Díaz e Alfonso Gallego, dos que descoñecemos case todo, e varias obras inéditas por recuperar: a premiada na primeira edición, *Cando morren os faroles* de José Ángel de la Peña, a galardoada coa primeira mención na última edición, *As estrelas están lonxe* de Manuel María, e dous títulos, *A desbandada* de Bernardino Graña e *Gaivotas voaron ao mencer* de Arcadio López-Casanova, dous nomes de referencia na poesía galega do século XX.

Se ollamos cara á escena, o éxito do certame foi relativo: das obras premiadas, só *A revolta* foi levada aos palcos. Con todo, o certame contribuíu para a renovación repertorial do teatro galego, incentivou a incorporación da xeración de 50 á escrita dramática, serviu para colocar no foco do debate cultural o teatro galego e axudou a impulsar as representacións teatrais.

O Premio Castelao foi tamén unha empresa interxeracional, de colaboración entre os representantes do galeguismo que permaneceran en Galiza e que se reorganizaran arredor da acción cultural, especialmente os integrados no proxecto da editorial Galaxia –cuxo protagonismo nos xurados foi decisivo– e as novas xeracións que se incorporaban á actividade cultural e literaria. A evolución do premio mostra tamén como puido levarse adiante grazas á colaboración dunha empresa singular, Cartonaxes Anmi, e doutras asociacións e particulares, en localidades galegas e doutros lugares da península.

## REFERENCIAS

- ALLEGUE, G. (1993). *Eduardo Blanco Amor. Diante dun xuíz ausente*. Nigra.
- ALONSO NOGUEIRA, A. (2009). Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia. *Grial*, 184, 28-35.
- BARROS, T. (1972). *O Dragón*. Traxicomedia nun acto. *Grial*, 38, 438-468.
- CAAMAÑO, M. (2012). O movemento asociativo galeguista no franquismo. En R. Gurrarán. (Ed.). *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)* (pp. 17-21). CCG / Asociación 10 de marzo.
- CARVALHO CALERO, R. (1982). O teatro galego e o I Certame Literario do Miño. En R. Carvalho Calero. *Libros e autores galegos. Século XX* (pp. 384-392). Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- CARVALHO CALERO, R. (1988). O Galo e os concursos de teatro. *El Correo Gallego*, 10/1/1988.
- DE LA PEÑA, A. (1963). *Cando morren os farois*. Mecanoscrito inédito.
- FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (Dir.) (2014). Cartonaxes Anmi. *Edición en Galiza durante a etapa franquista*. <https://ediciongalizafranquista.udc.gal/editora/1030;27/10/2023>
- Fondo documental da Agrupación Cultural O Galo. Consello da Cultura Galega.
- GARCÍA NEGRO, P. (2022). Unha obra teatral inédita de Manuel María. En C.C. Biscainho-Fernandes. (Ed.). *Elsinor no Finis Terrae. Estudos transversais sobre teatro galego* (pp. 55-79). Peter Lang.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X. (1994). *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*. Xerais.

- LOURENZO, M. (2012). Desembarco. En R. Gurriarán (Ed.). *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)* (pp. 35-37). CCG / Asociación 10 de marzo.
- MANUEL MARÍA (2018). *Obra teatral*. Introducción, edición e notas de M. P. García Negro. Fundación Manuel María de Estudos Galegos.
- MARIÑAS DEL VALLE, X. (1965). *A revolta e outras farsas*. Galaxia.
- MEJUTO QUINTELA, J. (1962). El año teatral en Compostela. Y II.-La Escuela Teatral O Galo, el hecho de mayor significación para el Teatro Gallego en Compostela, en 1961. *La Noche 1/1/1962*.
- QUEIZÁN, M. X. (2018). *Vivir a galope*. Xerais.
- RUIBAL, E. (2012). Asociacionismo e teatro en Galicia. En R. Gurriarán. (Ed.). *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)* (pp. 117-123). CCG / Asociación 10 de marzo.
- SANTAMARINA, A. (2012). O Galo, 1961. En R. Gurriarán. (Ed.). *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)* (pp. 23-29). CCG / Asociación 10 de marzo.
- TATO FONTAÍÑA, L. (2000). O teatro desde 1936. En A. Tarrío Varela. (Ed.). *Galicia. Literatura. XXXIII A literatura de 1936 ata hoxe* (pp. 442-551). Hércules de Edicións.
- TORRES, X. (1968). *Un hotel de primeira sobre o río*. Galaxia.
- VV. AA. (1991). *A Agrupación Cultural O Facho. A Coruña na cultura galega*. Venus Artes Gráficas.

## PERFIL ACADÉMICO-PROFESIONAL

Teresa López es licenciada en Filología Hispánica por la Universidade de Santiago de Compostela y doctora en Filología Hispánica (Gallego-Portugués) por la Universidade da Coruña con premio extraordinario. En la actualidad es profesora de Filologías Gallega y Portuguesa en el Departamento de Letras de la Universidade da Coruña.

Su actividad investigadora está centrada en la literatura gallega contemporánea, especialmente en la difusión y en la recreación de la lírica medieval, en la recuperación y en la edición de textos inéditos o desconocidos y en el *Rexurdimento*, asuntos sobre lo que ha publicado monografías (*Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses na Galiza do século XIX*, 1991, I Premio de Investigación Lingüística e Literaria Carvalho Calero; *O neotrobadorismo*, 1997; *Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda*, 2000), ediciones filológicas (*A costureira d'aldea* de Manuel Lugris Freire, 2006; *O frade das dúas almas* de Xosé Tobío Mayo, 2009) y numerosos artículos y capítulos de libro. En la actualidad trabaja en la recuperación del patrimonio teatral gallego del período 1936-1973.

Participante e investigadora principal en proyectos de investigación de convocatorias competitivas, desde enero de 2019 coordina el grupo de investigación ILLA (Investigación lingüística e literaria galega) que obtuvo en 2020, y ha renovado en 2023, una de las ayudas de la Xunta de Galicia para la consolidación y estructuración de unidades de investigación

competitivas. Es codirectora de la *Revista Galega de Filoloxía* y responsable de la serie Outras literaturas dramáticas de la Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor.

Fue decana de la Facultad de Filología (2005-2013) y directora del Departamento de Letras (2017-2024), y actualmente es Vicerrectora de Profesorado de su universidad.

Fecha de envío: 29/03/2024

Fecha de aceptación: 30/09/2024

